



BASES DE PARTICIPACIÓN NA V FEIRA DO CORREDOR NA XL CARREIRA PEDESTRE DO SAN MARTIÑO 2016.

O Consello Municipal de Deportes, quere ofrecer aos cidadáns que participen na carreira San Martiño 2016 a oportunidade de contemplar as novidades relacionadas co mundo do pedestrismo e con este fin quere organizar a V Feira do corredor que se rexerá polas seguintes bases:

1.- OBXECTO:

o obxecto de estas bases é a regulación da Feira do corredor do San Martiño 2016.

2.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES:

Os expositores que desexen participar deben reunir os seguintes requisitos:

- Estar de alta no Imposto de actividades económicas.
- Ofrecer produtos ou actividades relacionados coa práctica do atletismo ou a súa promoción. Tamén se poderán valorar outras actividades ou servizos que se consideren pertinentes e de interese para a cidadanía.

3.- NORMAS DE ADMISIÓN E SELECCIÓN:

As empresas ou entidades interesadas deberán solicitar a presenza na feira dende o día 7 de Outubro ata o día 4 de Novembro de 2016 nas oficinas do Pavillón Municipal de Deportes (Avda. Pardo Cela,2) , presentando a solicitude de inscrición facilitada nas ditas oficinas ou descargándoa na dirección web www.deportesourense.com, acompañada de fotocopia compulsada do DNI do representante da empresa ou entidade solicitante, e o compromiso de pago do espazo solicitado que se efectuará a favor do Consello Municipal de Deportes antes do día 9 de novembro de 2016 na seguinte conta de La Caixa: 2100-2182-04-0200306604.

Unha vez realizado o pago, os expositores que comuniquen a súa renuncia perderán o importe do depósito efectuado. Esta penalización non se aplicará se existe unha causa de forza maior grave debidamente acreditada.

A adxudicación dos stands será dun máximo de dous por marca comercial e serán adxudicados por rigurosa orde de rexistro. En caso de non cubrir o número máximo de stands poderanse adxudicar novos stands ós adxudicatarios existentes.

A Organización poderá rexeitar ou suspender a admisión de expositores baseándose no seguintes aspectos:

- 1º.- Porque os produtos que se pretende expoñer non corresponden coa temática da feira.
- 2º.- Porque o autorizado non se comprometa o respecto das presentes condicións xerais de participación e non cumpra co coidado das instalacións autorizadas
- 3º.- Por non cumprir co pago das taxas correspondentes.

4.- DATAS E LUGAR:

A Feira terá lugar na Cancha Central do Pavillón dos Remedios os días: 18 de novembro de 16h a 20h., día 19 de novembro de 9h a 20h. e o día 20 de 9h a 14h. A cubicación de cada establecemento dentro da Feira, será asignada pola Organización. Os stands terán unhas dimensións máximas de 3x3 m.



A decoración dos stands correrá a cargo dos comerciantes, podendo realizarse con todo tipo de materiais e ornamentación, sempre que non excedan do espazo adxudicado, non ocupen zonas comúns e non sexan susceptibles de deteriorar o pavimento e demais mobiliario do Pavillón.

5.- IMPORTE DO STAND DE EXPOSICIÓ:

O importe do stand cífrase na cantidade de 242 euros (200 euros mais 42 euros de IVE) para un espazo de 9 metros cadrados (3x3 metros).

6.- INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS PRESTADOS POLO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES:

O Concello Municipal de Deportes cederá para uso dos expositores mesas, sillas, acometida eléctrica, iluminación xeral, carteis oficiais do evento e difusión en prensa e radio do mesmo evento.

A Organización non se responsabiliza do persoal ao servizo dos expositores, nin dos danos de calquera tipo ou reclamacións ocasionadas polos propios autorizados.

7.- OBLIGACIÓNS DOS VENDEDORES:

- a) Asumir a decoración interior do seu stand.
- b) Respetar as normas de réxime interno elaboradas para o correcto funcionamento da feira.
- c) Colocar o stand antes das 16h do primeiro día da feira e desmontalo antes das 15h do último día.
- d) Manter limpo o espazo asignado.
- e) Queda totalmente prohibida a cesión total ou parcial do stand por parte do adxudicatario.
- f) Queda prohibido clavar, taladrar... etc., en paredes e chan da instalación deportiva ou calquera outro elemento que non sexa propiedade do expositor.

8.- COMISIÓ DE ORGANIZACIÓ:

A Comisión de Organización será a encargada de realizar o seguimento e resolver os posibles litixios que se plantexen. A Comisión de Organización estará formada por don José Mario Guede Fernández, don Cándido Gómez Vázquez, don Mario González Rodríguez e dona Marta Míguez Telle.

10.- DISPOSICIÓ FINAL:

Todos os participantes deben acatar as indicacións que poidan realizarse por parte da Organización, Policía Municipal, Protección Civil, Bombeiros e demais autoridades competentes para o correcto funcionamento da actividade. A Comisión de Organización reserva o dereito de excluír inmediatamente da feira a calquera que non cumpra debidamente coas citadas normas. En tal caso non se lle concederá ao expositor ningunha compensación por danos e prexuízos.



ANEXO-SOLICITUDE

Don/dona _____ con DNI número _____, en representación de _____, con número de teléfono _____ mail _____

solicitamos a ocupación de ___ stand na Feira do Corredor da Carreira San Martiño 2015, comprometéndonos a a cumprir as bases aprobadas para o evento polo Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense e o abono antes do día 10 de novembro de 2015. O espazo concedido será utilizado para o seguinte uso:

Ourense, _____ de _____ de 2016

O Solicitante